

Programa electoral  
2023-2027

As Pontes  
Merece  
Máis!



Merecemos  
Vivir Aquí

Os nosos  
compromisos  
para recuperar  
o orgullo.

**bng**

BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

# AS PONTES, NATURALMENTE INDUSTRIAL

## **Demandar o Concurso de Transición Xusta**

- Facer valer o noso nó de acceso de 1.400 MW

## **Desenvolver as actuacións derivadas do estudo de novas superficies industriais**

## **Desenvolver Vales da industria Net Zero e da Circularidade**

- Con formación continua
- Na zona de Ferrolterra colaborando con outros concellos

## **Dotar de servizos básicos (auga, electricidade...) as novas superficies industriais**

## **Creación dunha empresa municipal de enerxía**

- Instalacións propias renovables
- Vencen as concesións dos encoros da Ribeira e do Eume

## **Demandar a compensación pola perda de ingresos no IAE e no IBI co peche da central**

## **Impulsar novas actividades no sector agrogandeiro e forestal**

## AS PONTES VERDE

### **Promoción dunha planta de biogás**

- Para aproveitar os recursos do lixo

### **A Vila da Auga**

- Dinamización do río Eume coa continuación da senda urbana na súa contorna
- Creación dun Plan de Usos para o Lago
- Posta en valor dos encoros para actividades deportivas e de lecer

### **Acción transversal de transición ecolóxica**

## AS PONTES CENTRO COMERCIAL ABERTO (CCA)

### **Plans específicos comúns, conxuntos e unificados**

- Favorecer a cooperación para compartir servizos, recursos ou campañas promocionais

### **Integración espacial e funcional do comercio e hostalaría**

### **Establecemento de medios de pago comúns**

- Promoción dunha moeda de uso local (Na liña do exitoso modelo das 'Panchas' de Ribadeo)

## AS PONTES FORMA

### **Impulso e diversificación dos ciclos formativos (FP)**

- Oferta formativa ligada á Transición Xusta
- Promover convenios coas empresas locais

### **Promover o cumprimento da atención con necesidades educativas especiais**

### **Coordinar os plans formativos cos axentes sociais**

### **Ampliar ou reubicar a Escola Infantil Municipal**

- Demandar a posta en marcha dunha Galiña Azul

### **Comedor centralizado para dar servizo a todos os centros**

### **Servizo de transporte escolar gratuito**

### **Actividades complementarias nos propios centros**

## AS PONTES FEMINISTA, INCLUSIVA E DIVERSA

### **Máis orzamento municipal**

- Para fomentar a igualdade, o bo trato e a corresponsabilidade

### **Campañas municipais de sensibilización**

- Sobre diversidade coa implicación e participación do alumnado pontés
- Creación dunha xornada anual de encontro para a promoción da diversidade con obradoiros e actuacións culturais

### **Programa de acompañamento para persoas en situación ou risco de exclusión social**

- Protocolo unificado de actuación e coordinación entre os diferentes axentes municipais implicados e medidas para a mellora da empregabilidade

## AS PONTES PARA VIVIR

### **Rematar o Plan de Urbanismo (PXOM)**

### **Rehabilitar o conxunto histórico da Vila**

### **Vivenda nova para xente nova**

- Construción e disposición de vivenda pública

### **Banco de vivenda**

- Realizar censo de locais e vivendas

### **As Pontes Cuberta**

- Promover espazos cubertos ao aire libre para todas as idades en diferentes localizacións

### **Dotar os parques de elementos inclusivos**

### **Instalación dun sistema amplo de fontes humanas e caninas, ademais de aseos públicos**

## AS PONTES PARTICIPA

### **Orzamentos participativos**

- Implicando directamente as asociacións veciñais
- Introducíndoos nos centros educativos

### **Plan de voluntariado local**

- Bancos de tempo

### **Impulsar mecanismos a prol da gobernanza multinivel e participativa**

# A VILA DOS COIDADOS

## Fogar das persoas maiores

- Na Canle IV e adaptada ás necesidades diversas
- Residencia para persoas dependentes (Grao II e III)
- Vivenda comunitaria
- Impulso do proxecto cohousing
- Prazas sociosanitarias para estancias temporais

## Dinamización do Centro Sociocomunitario

### Reserva de partida do SAF para proxecto de atención sociosanitaria temporal en domicilio

### Bolsa municipal de préstamos de axudas técnicas

- Camas articuladas, guindastres, etc.

### Promover a oferta inclusiva deportiva e de lecer para persoas en situación de discapacidade

## Programa de apoio ás familias

- Acompañamento á maternidade/paternidade
- Axudas económicas á natalidade e conciliación

## Actividades para maiores na aula CEMIT

### Impulso dunha rede municipal de apoio integral a persoas en situación de discapacidade

- Que integre a todos os axentes implicados e que participe activamente na toma de decisións sobre a cobertura das necesidades do colectivo
- Proxecto de transición á vida autónoma: vivendas para vida autónoma con apoios

## AS PONTES DA MOCIDADE

### Lar da Mocidade

- Espazo para a socialización e ocio
- Con actividades, recursos e servizos
- Fomento do asociacionismo

### Plan de Emancipación Xuvenil

- Contratos dignos
- Bolsas de experiencia
- Bolsas para proxectos
- Cooperativismo e emprendemento
- Banco de Ideas

### Fomento do ocio seguro

- Prevención de condutas aditivas e promoción de hábitos saudables

## PONTE CO RURAL

### Servizos de proximidade

- Actividades deportivas, culturais e de lecer
- Catálogo de servizos sociais
- Espazos de encontro periódico da veciñanza para reducir a soidade e o illamento

### Atención especial e consensuada no PXOUM

### Reactivar as aulas dixitais

- Colaboración veciñal contra a fenda dixital

### Puntos limpos e de reciclaxe móbil

### Transporte a demanda

### Banco de vivenda para fixar poboación

### Plan municipal anual de conservación e

### mantemento de estradas e pistas

### Dotación orzamentaria específica para o rural e individualizada por parroquia

## AS PONTES ACTIVA

### Plan de Xestión Deportiva Municipal

- Creación dun Consello de Deportes
- Contratación de persoal técnico deportivo
- Regulamento de uso das instalacións e das inscricións nas actividades deportivas

### Creación dunha Vila Deportiva

### Bolsas de talento para deportistas de elite

### Proxecto para o circuíto de velocidade anexo ao Lago

### Promover o recubrimento das pistas de pádel, tenis e multideporte

## AS PONTES, PÚBLICA E DE CALIDADE

### Recuperar servizos básicos para a veciñanza

- OMIC, recadación, Policía Local...

### Planificar a actualización e renovación da organización municipal

- Novas contratacións
- Incentivar xubilacións

## PONTES DE CULTURA

### Nova ubicación para a Biblioteca Rivera Rouco

- Aularios de estudo, salas de lectura e zona infantil
- Zona de arquivo, de investigación e sala de conferencias

### Recuperación de certames culturais e de lecer

- Certame das Boliqueiras e Premio Uxio Novoneyra
- Festival de Entroido e o concurso de cabanas da Fraga
- Promoción da cultura galega e tradicional

### Reactivación da área de normalización lingüística

## AS PONTES CO PATRIMONIO

### Planificación dun modelo turístico de calidade

### Demanda dun Portal de Entrada ás Fragas do Eume Museo da Minaría

### Actuación urxente nos elementos patrimoniais

- Recuperación e posta en valor de fontes, cruceiros, muíños, lavadoiros, mámoas, fervezas...



# Merecemos este equipo



Para termos  
**MÁS!** Persoas  
Recursos  
Administración